

OBRADOIRO DE EMPREGO “LALínnova” CONCELLO DE LALÍN

DIRIXIDO A PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (16 PRAZAS)

DURACIÓN: 12 MESES. **Contrato** de formación-aprendizaxe. **INICIO** previsto: 1ª semana de agosto 2021

Nº DE PRAZAS DE ALUMNADO-TRABALLADOR E ESPECIALIDADES FORMATIVAS

- **8 prazas** na Especialidade de SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS, Nivel 2.
Que inclúe dous Certificados de Profesionalidade:
 - *Montaxe e reparación de sistemas microinformáticos (IFCT0309)*
 - *Sistemas microinformáticos (IFCT0209)*
- **8 prazas** na Especialidade de ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS E RECREATIVAS, Nivel 3.
Que inclúe un certificado de profesionalidade:
 - *Acondicionamento Físico en sala de adestramento polivalente (AFDA0210)*E un módulo do C.P. FDA0211:
 - *Eventos, actividades e xogos para a animación físico-deportiva e recreativa (MF 1659_3)*

REQUISITOS BÁSICOS DOS/AS PARTICIPANTES

Persoas mozas entre 18 e 29 anos

Estar inscritas e en situación de beneficiarias no FICHEIRO nacional de GARANTÍA XUVENIL (ver reverso)

Cumprir os requisitos da normativa reguladora do contrato para a formación e a aprendizaxe

Non ter participado noutro obradoiro de emprego

Cumprir os requisitos de acceso para a formación a impartir:

- Para participar na especialidade de **SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS – Nivel 2:**
 - Titulación mínima de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalencias establecidas no RD regulador do C.P.
 - OU Competencias Clave Nivel 2 de: Matemáticas; Lingua Castelá; Lingua Galega.
- Para participar na especialidade **ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS E RECREATIVAS – Nivel 3:**
 - Titulación mínima de BACHARELATO, Ciclo medio de F.P.. ou equivalencias establecidas no RD regulador do C.P.
 - OU Competencias Clave Nivel 3 de: Matemáticas; Lingua Castelá; Lingua Galega.

SISTEMA DE ADMISIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS para a selección: OFERTA DE EMPREGO

- O sistema de admisión de candidatos será realizado a través da **presentación** por parte do Concello dunha **oferta de emprego, por cada especialidade**, no Servizo Público de Emprego de Lalín.
- **A Oficina de Emprego de Lalín realiza os sondeos e convoca aos candidatos** para o proceso de selección.
- **O Concello realiza o proceso de selección** entre os/as candidatos/as enviados/as.

FICHEIRO NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

(Real Decreto-lei 6/2016, de 23 de decembro, de medidas urxentes para o impulso del Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (BOE nº 310, do 24/12/2016/ R.D Lei 2/2021 (BOE 27/01/2021))

Garantía Xuvenil: está dirixida a persoas mozas en busca de emprego que no se atopan en situación de estudar ou formarse, nin traballando por conta propia o allea, e queren lograr a súa inserción no mercado laboral.

Debes saber que:

A inscrición ou renovación como demandante de emprego nun Servicio Público de Emprego (Oficina de Emprego) implica a inscrición no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil si se compren os requisitos indicados a continuación no momento que realizaches a túa demanda na oficina de emprego.

Requisitos para a inscrición

Estes son os requisitos que debes cumprir para poder inscribirte:

- Ter nacionalidade española ou ser cidadáns da Unión ou dos Estados parte do Acuerdo Económico Europeo o Suiza que se atopen en España en exercicio da libre circulación e residencia. Tamén poderán inscribirse os estranxeiros titulares dunha autorización para residir en territorio español que habilite para traballar.
 - Estar empadroadado en calquera localidade do territorio nacional español.
 - Ter mais de 16 anos e menos de 30 anos.
 - Non traballar no día natural anterior á data de presentación da solicitude.
 - Non recibir accións educativas no día natural anterior á data de presentación da solicitude.
 - Non recibir accións formativas no día natural anterior á data de presentación da solicitude.
 - Presentar unha declaración expresa de ter interese en participar no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, adquirindo un compromiso de participación activa nas actuacións que se desenvolvan no marco da Garantía Xuvenil.
- No caso dos demandantes de emprego bastará coa súa inscrición nos servicios públicos de emprego.

Como podo inscribirme se non estou inscrito?

1. Na Oficina de Emprego de Lalín. Primeiro comprobarán se xa estás inscrito ou precisas renovar a inscrición. Se non estás inscrito, procederán a realizar a túa solicitude de inscrición, que require da alta final no Fichero por parte do SEPE.

2. Podes acceder tí mesmo/a ao fichero do Sistema de Garantía Xuvenil para inscribirse. Existen varias opcións: Acceso ao Rexistro con DNI Electrónico ou Certificado; Acceso a través do sistema [Cl@ve](#) ; Acceso con Usuario e Contraseña; ...

Mais información en:

<http://garantiajuvenil.fondoseuropeos.gal/gaxuve/area-mocidade>

<https://garantiajuvenil.sepe.es/nuevaSolicitud>

IMPORTANTE: Se estás interesado en participar e non estás inscrito no Fichero nacional de Garantía xuvenil, debes facelo de inmediato, o procedemento non é inmediato.